



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil - INTERCAMPUS

Curso Académico: Curso 2017-2018

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos

Plan de Melloras

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil - INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	- Educación artística (FFP-Lugo) - Linguaxes artísticas (FCE-Santiago)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Formación do Profesorado
	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil habilita para o exercicio da profesión regulada de mestre de educación infantil e como tal responde á Orde ECI/3854/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios que conceden esta habilitación. A titulación ofértase na Facultade de Formación do Profesorado do campus de Lugo (no sucesivo FFP-Lugo) e na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Santiago (no sucesivo FCE-Santiago).

O gran interese que espertan os estudos de Mestre/a de Educación Infantil en ambos os dous campus conséntase atendendo aos datos estatísticos aportados pola CiUG (2017-18), que reflicten un total de 497 solicitudes para 85 prazas ofertadas na FFP-Lugo e 837 solicitudes para 64 prazas ofertadas na FCE-Santiago. A titulación tivo matriculados un total de 710 estudantes, cifra que confirma a elevada demanda que os estudos de Mestre/a de Educación Infantil seguen a ter entre a poboación que accede á universidade, tanto no campus de Lugo coma no de Santiago.

Maior interese aínda esperta a dobre titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, con 309 e 188 solicitudes na FCE-Santiago e FFP-Lugo, respectivamente, para unha oferta de 10 prazas en cada centro. Os estudantes finalmente matriculados foron 12 na FFP-Lugo e 11 na FCE-Santiago.

A titulación mantén o interese académico, científico e profesional que contempla a súa memoria de verificación, e que se xustifica tanto pola traxectoria da USC na formación destes profesionais como pola validez e preparación dos estudantes para o exercicio da profesión, segundo amosan os diferentes informes de avaliación dos titores externos que colaboran nas materias que compoñen o Prácticum da titulación. Así, o informe correspondente ao curso 2017-18 ofrece valores en torno a 4 sobre 5 tanto no relativo aos coñecementos teórico-prácticos como no que se refire ás competencias profesionais do alumnado.

En 2017-18, na FFP-Lugo mantívose a mesma oferta de prazas do ano anterior (85), pero na FCE-Santiago a oferta reduciuse a 64 prazas debido á posta en marcha do Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria. Polo que se refire á relación entre o número de prazas ofertadas e o número de alumnos admitidos, durante os últimos cursos a matrícula de acceso sempre estivo moi por enriba das prazas ofertadas, especialmente no Campus de Santiago. Esta matrícula inclúe o alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

Despois de notables desaxustes nalgún dos cursos anteriores, en 2017-18 a matrícula de novo ingreso por preinscrición axustouse ao número de prazas ofertadas en conxunto: 69 (para 85 prazas) na FFP-Lugo e 80 (para 64 prazas) na FCE-Santiago. Non obstante, se atendemos ao informe da CiUG para este mesmo curso, os datos indican que os estudantes matriculados foron 82 na FFP-Lugo e 68 na FCE-Santiago, o que indica unha matrícula máis próxima ao número de prazas ofertadas en cada centro.

Se ben a titulación non presenta problemas en relación co número total de alumnos matriculados, si continuamos

advertindo unha feble capacidade de captación de alumnado procedente de fóra de Galicia (1,97%), que, ademais, vén de comunidades limítrofes (Asturias, Castela e León). O feito de que a maior parte dos campus universitarios españois ofrezan esta titulación explica suficientemente esta circunstancia.

Para concluír este apartado, pódese salientar a continuidade do predominio de mulleres no alumnado matriculado, de tal xeito que o 88% (FCE-Santiago) e 89% (FFP-Lugo) das novas matrículas son de mulleres.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adécúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Malia o dabondo probado interese do título, foi constante a preocupación por mantelo actualizado para un mellor cumprimento dos requisitos formadores e profesionalizadores. Por iso, unha vez producida a culminación da súa implantación no curso 2013-14 e obtida unha visión de conxunto do seu deseño e implementación, puidemos consensuar unha serie de medidas de revisión do plan de estudos e propoñer unha modificación do título seguindo o “Procedemento para a solicitude de modificacións nos Títulos verificados de Grao e Máster”. Esta modificación foi aprobada pola ACSUG e implantada no curso 2016-17, continuando o seu progresivo desenvolvemento na actualidade.

A actividade docente orientada á consecución das competencias previstas está a se desenvolver consonte o indicado na memoria de verificación do título. Porén, cómpre deixar constancia dalgúns problemas que obstaculizan unha mellor execución do plan de estudos de acordo coa memoria verificada. En primeiro lugar, o elevado número de alumnos, o escaso número de docentes (circunstancia á que nos referiremos máis polo miúdo a propósito do criterio 4 deste informe) e as dificultades de espazo dispoñible (criterio 5) fan que o tamaño dos agrupamentos de docencia sexa en moitas ocasións excesivo para un óptimo desenvolvemento das actividades formativas. Aínda que non dispoñemos dos datos concretos para os cursos 2016-17 e 2017-18, a ratio de estudantes por profesor a tempo completo non deixa de aumentar curso a curso, situándose en 9,40 en 2015-16. Tamén continúa a ser excesivamente elevada a media de alumnos por grupo expositivo (77,59 en 2017-18, ao igual que a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (32,05 en 2017-18), en ambos os dous centros moi superior aos correspondentes promedios da USC (53,95 e 21,77, respectivamente).

Por outra banda, os problemas derivados do escaso recoñecemento docente dos labores de titoría académica ou supervisión do Prácticum, lonxe de se solucionaren, víronse agravados no transcurso do ano 2017. En efecto, o recoñecemento desta docencia viña sendo de 3 horas por alumno matriculado ata o curso 2013-14, incluído. Na PAA 2014-15 este recoñecemento reduciuse drasticamente a 1,5 horas por alumno, sendo esta decisión xustificada pola crítica situación económica da USC e a imposibilidade de dotar de recursos suficientes ás áreas responsables desta docencia, moi deficitarias en case todos os casos. Malia unha leve melloría neste aspecto aplicada aos cursos 2015-16 e 2016-17, nos que se contemplou un recoñecemento de 2 horas por alumno matriculado, o Consello de Goberno da USC celebrado o 3 de marzo de 2017 aprobou a PAA 2017-18, documento no que o recoñecemento da docencia do Prácticum retrocede de novo ata as 1,5 horas por alumno. O recurso de reposición presentado ante o Consello de Goberno foi desestimado.

A modificación da memoria de verificación do título tramitada en 2012-13 afectou tamén ao deseño do curso complementario ou “curso ponte”, precisamente coa intención de mellorar a adquisición de competencias e coñecementos profesionais dos diplomados que os cursen, reforzando a formación referida ao primeiro ciclo de Educación infantil e posibilitando a adquisición dunha mención. En todo caso, o curso ponte para o acceso a este grao parece estar perdendo atractivo, especialmente no campus de Santiago: no curso 2017-18 matriculáronse 8 estudantes de novo ingreso na FFP-Lugo e ningún na FCE-Santiago.

Por último, polo que se refire á participación do alumnado nos programas de mobilidade, os datos dispoñibles continúan a ser preocupantes: durante o curso 2017-18 as cifras de estudantes enviados supoñen o 2,12% na FCE-Santiago e só o 1,20% na FFP-Lugo, en tanto que os estudantes recibidos redúcense ao 0,27% na FCE-Santiago e ningún na FFP-Lugo. Esta debilidade obríganos a continuar esforzándonos en tratar de aumentar a mobilidade do alumnado, aínda sabendo

que as circunstancias son moi pouco favorables para lograr este obxectivo.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao tratarse dun título impartido en dous centros e campus diferentes, por recomendación da ACSUG constituíuse unha Comisión de Coordinación Intercentros, cuxas competencias esténdense tanto ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil como ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Durante o curso 2016-17, esta comisión foi redeseñada para modificar a súa composición, delimitar as súas funcións e establecer o procedemento para o seu funcionamento, así como a periodicidade das súas reunións. Ao longo do curso 2017-18 esta comisión adoptou acordos en relación coa aprobación dos Informes anuais de seguimento 2016-2017, o protocolo intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, e os recoñecementos do Prácticum entre a 1ª e a 2ª edicións dos devanditos títulos.

Segue a se desenvolver o sistema de coordinación docente baseado nas coordinacións de título e cursos, con funcións claramente definidas en cada caso, tal como xa foron postas de manifesto en anteriores informes. Polo xeral, estas tarefas son bastante ben valoradas polo profesorado, tanto no referido á coordinación entre as distintas materias do título (3,40) como entre os distintos profesores da materia (4,17).

O Prácticum supón un eixo fundamental da titulación. En ambos centros existe unha coordinación xeral do Prácticum para os dous graos en Mestre/a, cuxos respectivos titulares son nomeados polo reitor. Así mesmo, cada centro conta cun coordinador/a do Prácticum do Grao, co que colaboran os coordinadores ou coordinadoras de cada unha das materias que o compoñen (sen ningún tipo de recoñecemento de horas docentes equivalentes no curso 2017-18). Este organigrama só pode manterse grazas a un gran esforzo, implicación e compromiso por parte do profesorado, e responde á complexidade que supón a organización do Prácticum e á importancia que se lle concede a este elemento formativo. Afortunadamente, o traballo realizado merece unha valoración positiva, tanto por parte do alumnado (4,28), como polo que se refire aos títos profesionais (4,31) e académicos (4,18).

Na FFP-Lugo tamén existe a figura do coordinador ou coordinadora dos TFG da titulación. Tendo en conta o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require un esforzo ímprobo que, ademais, goza dun escaso recoñecemento académico. Estas circunstancias levaron á esixencia dun cambio da normativa da USC, que se materializou nun novo “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016.

O título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non se require coordinación entre diferentes modalidades de impartición. Porén, compre ter en conta a posibilidade de obter dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias. Segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”. Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes ámbitos da vida do estudantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias. Para poder atender debidamente ao alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes deben contemplar de xeito explícito a

incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada, para situacións excepcionais nas que non exista outra alternativa para cursar estudos e nas que se acredite enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables, estar ao cargo de persoas dependentes ata o segundo grao de consanguinidade, sufrir un caso de acoso ou estar de alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social (sempre que non se poida acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial), valorarase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén deben indicar os procedementos necesarios para que os estudantes dispensados de asistir a clase poidan acadar as mesmas competencias que se recibisen docencia presencial. Con carácter xeral, a dispensa da asistencia a clase concédese só para a docencia expositiva (agás que o programa da materia contemple outras situacións). Para solicitar a dispensa da asistencia a clase, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrución, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa para cursar os estudos.

En todo caso, cómpre sinalar que, malia que esta instrución precisa o carácter excepcional da concesión da dispensa da asistencia a clase, o certo é que, desde a súa entrada en vigor, esta titulación (que habilita para o exercicio dunha profesión regulada) vese afectada por un crecente número de solicitudes que é preciso aceptar por axustárense á literalidade do previsto nunha normativa pouco restritiva, polo que parece aconsellable proceder a unha revisión desa instrución regulamentaria.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo que se refire ao perfil do alumnado de novo ingreso, no curso 2017-18 sorprende a elevada porcentaxe de estudantes matriculados procedentes de Formación Profesional no caso da FFP-Lugo (52%), que xa superan aos que teñen o Bacharelato como ensinanza de acceso. Na FCE-Santiago a proporción é inferior, pero aínda así resulta considerablemente elevada (33%). Non obstante, ningún estudante procedente de FP foi admitido para matricularse na dobre titulación en Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria, malia rexistrárense case 30 solicitudes en cada centro.

Por outra banda, a nota media de acceso por preinscrición amosa un progresivo incremento, situándose no curso 2017-18 en 7,76 na FFP-Lugo e subindo ata o 9,80 na FCE-Santiago. No caso do dobre grao, esta puntuación foi de 11,20 na FFP-Lugo e de 12,06 na FCE-Santiago. A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a 6 xa é o do 100% nos dous centros.

Na memoria verificada indícase que a selección dos alumnos de novo ingreso rexerese pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, pola que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á universidade. Sinálase, así mesmo, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais. Finalmente, recoméndase que os aspirantes a cursar os estudos conducentes á obtención deste título posúan as seguintes características persoais e académicas: interese por todos os aspectos relacionados coa cultura e a infancia, compromiso social, compromiso ético, curiosidade científica e habilidade para as relacións interpersoais. En consecuencia, non se observan disonancias remarcables entre o perfil real do alumnado matriculado no título e o perfil de ingreso establecido na memoria verificada.

A memoria do título non contempla complementos de formación para a nivelación dos estudantes.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

Non existe constancia de que a aplicación destas normativas se desenvolva de maneira diferente ao establecido nelas nin de que teñan un impacto nos resultados diferente ao previsto.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título é pública e facilmente accesible para todos os grupos de interese. Á parte da información procedente dos servizos centrais da USC, cada unha das Facultades que imparten o título mantén información concreta e actualizada sobre o seu desenvolvemento, tanto no que se refire ás características do programa formativo como á documentación relativa á memoria verificada e sistema de calidade.

A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (2017-18) mantívose nun nivel de 3,50 na FCE-Santiago, pero baixou ata 2,90 na FFP-Lugo. En todo caso, o número de cuestionarios cubertos supoñen menos do 8% en cada un dos centros.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As páxinas web das dúas Facultades que imparten o título contan con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos). A FFP-Lugo recolle información, ademais, do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual 2016-2020.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a comisión do título, que se encarga de analizar a información proporcionada pola persoa que desempeña a coordinación do Título e polo ou pola Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do grao. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Como xa se indicou a propósito do Criterio 1 (1.3), existe, ademais, unha Comisión de Coordinación intercentros que se reúne periodicamente para tratar aspectos comúns ao desenvolvemento e seguimento do título en ambos centros.

Os distintos indicadores dispoñibles evidencian un adecuado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida acadou o 4,07 na FFP-Lugo e o 3,85 na FCE-Santiago en 2017-18. Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida proporciona valores de 3,84 en ambos os dous centros.

De xeito semellante, a satisfacción dos estudantes co programa de prácticas externas ascende ata valores situados arredor de 4,30 nos dous centros, superando esa cifra no caso dos titores externos e manténdose en torno a 4 no caso dos titores académicos de ambos centros.

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas polo alumnado deste título, no curso 2017-18 non se presentaron recursos en ningún dos dous centros. Si se formularon dúas queixas ou reclamacións na FCE-Santiago, unha delas relacionada coas aulas e instalacións e outra coa entrega de actas/notas, ambas as dúas

desestimadas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso, como xa se indicou no apartado 1.2, estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición do título a partir do curso 2016-17. Noutros casos, trátase de correccións ou subsanación de erros de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso dos centros co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A implantación do SGC posibilitou o desenvolvemento do traballo nos centros nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

Neste senso, cómpre deixar constancia de que, recentemente, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo Manual de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos clave e 6 procesos de soporte.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito de Grao ou Tránsito de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste epígrafe cómpre reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións presupostarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total descendeu desde o 66,67% en 2010-11 ata o 31,13% no 2017-18, redución aínda máis alarmante no caso da FFP-Lugo que chega no curso 2017-18 ao 26,00%. Estas cifras contrastan significativamente coa media da USC que se sitúa neste mesmo curso no 59,83%.

A escaseza de profesorado ten unha notable incidencia no cociente profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, tal como xa foi sinalado no apartado 1.2 deste informe. Os históricos desequilibrios entre as áreas de coñecemento implicadas na docencia deste título (ciencias sociais e xurídicas) e outras grandes áreas (ciencias, ciencias da saúde, enxeñaría), lonxe de acurtarse, incrementáanse progresivamente. Por esta razón, a maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia do título son moi deficitarias, o que fai que a docencia se vexa gravemente afectada cando se produce calquera continxencia, mesmo prevista, ao longo do curso. É necesario adaptar o persoal ás necesidades reais e diminuír a presenza de PDI contratado a tempo parcial e con figuras contractuais precarias.

Non é o caso da adecuación cualitativa do profesorado, xa que non cabe dúbida de que os docentes existentes, teñan ou non vinculación permanente á universidade, accederon ás súas respectivas prazas tras superar un cada vez máis rigoroso, esixente e competitivo procedemento selectivo. Así, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total supera amplamente o 70%, aínda que continúa sendo inferior á media da USC (83,27%). Con todo, a porcentaxe de PDI con sexenios de investigación, aínda que se duplicou desde o comezo da impartición do título, só alcanza agora o 44,00%, pouco máis da metade do promedio da USC (81,80%). Para explicar esta circunstancia negativa teríamos que acudir á orixe do título (diplomatura), á categoría dominante do profesorado ata tempos recentes (profesorado titular de escola universitaria) e ás modalidades de contrato do novo profesorado, que na maior parte dos casos non permiten unha dedicación a tempo completo á docencia e investigación e que mesmo corresponden a categorías que non poden ter experiencia docente nin investigadora recoñecida.

Nunhas circunstancias tan negativas, que competen á xestión dos recursos humanos para esta titulación e que son totalmente alleas aos centros que a imparten, quizais resulten sorprendentes os niveis de satisfacción do alumnado

coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida, valores dos que xa deixamos constancia no apartado 3.1 deste informe. Isto significa que, mesmo nestas condicións tan pouco favorables, pode apreciarse un elevado grao de dedicación, compromiso e implicación do profesorado coa función que desempeña.

Por último, con respecto á formación continua do profesorado, o PDI do título participa nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC nunha porcentaxe do 51,79% na FFP-Lugo e do 31,34% na FCE-Santiago. Os indicadores dispoñibles amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas, acadando un 4,39 nunha escala de 1 a 5.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título. Non obstante, o aumento da actividade docente en quenda de tarde na FFP-Lugo fai aconsellable a dotación dunha praza máis de persoal de conserxería para esta quenda.

Pola súa banda, é necesario destacar a complexidade da FCE-Santiago, onde se imparten nove titulacións distintas de grao e máster distribuídas, ademais, en dous edificios situados en campus diferentes da cidade de Santiago de Compostela. Esta circunstancia dificulta enormemente o desenvolvemento das tarefas diarias propias da administración e xestión da Facultade. A situación descrita seguramente inflúe no nivel de satisfacción que o PAS deste centro manifesta co traballo desenvolvido (3,04 nunha escala de 1 a 5), mentres que na FFP-Lugo este indicador sube ata 4,33.

En canto á participación do PAS en cursos de formación, os datos correspondentes ao curso 2017-18 amosan tendencias diferentes entre os dous centros. Mentres na FFP-Lugo a participación do PAS en plans de formación aumentou do 41,6 ao 64,0%, na FCE-Santiago a participación baixou do 52,9 ao 50,0%.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nas páxinas web das Facultades figura información detallada acerca das infraestruturas e servizos de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. En todo caso, os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes, pero en ningún caso satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo das e dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios). É preciso acometer ampliacións e melloras nos espazos, instalacións e recursos dos centros nos que se imparte a titulación. Neste sentido, a FFP-Lugo continúa padecendo evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia, ante o adiamento dunha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio (cuxa propiedade é da USC) está ocupada polo CEIP Anexa. Pola súa banda, a FCE-Santiago, ante a situación de deterioración do edificio situado no Campus Norte onde se imparte esta titulación, tamén demanda melloras nas instalacións e recursos dos que dispón.

Nesta situación, é lóxico que a satisfacción dos egresados con respecto ás infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro sexa cada vez máis baixa, descendendo no curso 2017-18 ata 2,50 na FFP-Lugo e 2,00 na FCE-Santiago, fronte a un valor medio da USC de 2,89. Os indicadores de satisfacción en relación cos recursos e servizos (recursos tecnolóxicos, biblioteca, cafetería/comedor) ofrecen valores entre 3 e 4 para os recursos tecnolóxicos e a biblioteca en ambos centros, pero difiren notablemente polo que se refire á valoración da cafetería (2,38 na FCE-Santiago en contraste con 4,17 na FFP-Lugo).

O profesorado da titulación utiliza sistemas virtuais de apoio á docencia, sexa a través do Campus Virtual da USC ou valéndose doutras plataformas (Aula CESGA, etc.), así como outras ferramentas de comunicación para axilizar a interacción co estudantado. A este respecto, a dispoñibilidade de material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) e a dispoñibilidade de recursos necesarios (soportes multimedia, TIC, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia no propio centro merecen para o profesorado valoracións que se moven entre o 3,8 e o 3,9 en ambas Facultades.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados do desenvolvemento e avaliación das diferentes materias da titulación, o Prácticum e o TFG proporcionan indicadores que evidencian a consecución dun progreso adecuado. En ambos os centros é moi reducido o número de materias con índices de suspensos que poidan considerarse elevados, o que se relaciona con taxas de éxito moi superiores á media da USC (95,37% na FFP-Lugo e 97,41% na FCE-Santiago). Este indicador é coherente coa valoración positiva que reflicten os resultados das enquisas que a USC realiza con carácter xeral para todo o alumnado.

Así mesmo, no momento de reflexionar sobre o nivel de adquisición das competencias previstas para o título ao remate do proceso formativo, pode ser interesante comentar as valoracións efectuadas polos egresados (2017-18), se ben aclarando que só responderon esta enquisa 14 persoas entre os dous centros (7,57%). Cando se lles pide que avalíen o grao en que a titulación contribuíu á adquisición ou ao desenvolvemento de diferentes competencias (capacidade para a aprendizaxe autónoma; pensamento crítico; capacidade de comunicación oral e escrita; capacidade de traballo en equipo; capacidade de análise; capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do propio ámbito de estudo; capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolución de problemas no propio ámbito de estudo), os egresados da FCE-Santiago expresan valoracións superiores á media da USC para case todas esas capacidades. En cambio, os egresados da FFP-Lugo só valoran por encima da media da USC a capacidade de traballo en equipo.

Por outra banda, as distintas materias e períodos que articulan o Prácticum supoñen momentos nos que cómpre acreditar a adquisición e aplicación das competencias profesionais previstas. A este respecto, as prácticas externas realizadas son obxecto dunha valoración moi positiva por parte dos egresados de ambos os centros (4,5 na FCE-Santiago e 5,0 na FFP-Lugo), o que indica que este compoñente formativo é esencial para garantir as competencias propias do grao, que deben ter un papel nuclear na configuración e desenvolvemento do título, e que, en consecuencia, deben merecer un recoñecemento apropiado por parte do equipo de goberno da USC, cuestión que non ocorre na actualidade.

Ademais, se consideramos que os titores externos son axentes privilexiados para avaliar estes aspectos, resulta que a súa valoración da formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas é de 4,00 na FFP-Lugo e 3,95 na FCE-Santiago, cun número de respostas ao cuestionario relativamente elevado: 75 titores (32,33%) entre os dous centros.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No apartado 1.1. deste informe xa se fixo mención aos datos correspondentes á demanda desta titulación. Lembremos, pois, que no curso 2017-18 ofertouse un total de 149 prazas (85 na FFP-Lugo e 64 na FCE-Santiago), ás que cómpre engadir 10 prazas para o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria en cada un dos dous centros, xa que a FCE-Santiago iniciou en 2017-18 o desenvolvemento desta dobre titulación que a FFP-Lugo implantara un ano antes. Pois ben, a matrícula de acceso continuou superando a oferta realizada: 170 estudantes (114,09% do total) máis 23 estudantes do dobre grao (115%). A titulación tivo matriculados un total de 710 estudantes (os datos non recollen unha parte do alumnado procedente de Formación Profesional que foi incluído na 1ª edición do título), o que indica que estamos ante un grao cunha demanda sostida desde o momento da súa implantación, tanto na FFP-Lugo como na FCE-Santiago.

Polo que se refire a os indicadores de resultados, os datos correspondentes ao desenvolvemento da titulación son os que se ofrecen na seguinte táboa (2017-2018):

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Intercampus	Media USC
Taxa de rendemento	90,61	94,01	92,43	78,46
Taxa de éxito	95,37	97,41	96,47	87,20
Taxa de avaliación	95,01	96,51	95,81	89,98
Taxa de graduación	76,19	90,41	83,82	57,97
Duración media dos estudos	4,38	4,21	4,28	4,98
Taxa de abandono durante o primeiro curso	7,46	9,26	8,26	16,02
Taxa de abandono RD 1393/2007	17,46	5,48	11,03	22,70

As taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación son sempre moi superiores á media da USC. Especialmente significativa resulta a comparación das taxas de graduación: 83,82 para esta titulación fronte a 57,97 de media na USC. A notable diferenza entre as taxas de

graduación que se observan nos dous centros obedece á circunstancia de que, por proximidade ao seu domicilio familiar, un importante número de estudantes cámbianse en 2º para o campus de Santiago onde non foran inicialmente admitidos. Este mesmo motivo é o que xustifica as diferenzas nalgún dos indicadores de abandono.

Unha análise máis detallada revélanos igualmente taxas satisfactorias para as distintas materias que compoñen o plan de estudos, na medida en que boa parte delas alcanzan unha taxa de éxito do 100% e só unha pequena proporción ofrece taxas inferiores ao 90%. Resultan moi significativas as taxas de éxito do Prácticum e TFG, que se sitúan no 100% ou en valores moi próximos.

Os datos tamén resultan satisfactorios no que se refire ao curso ponte, xa que a taxa de éxito en 2017-18 foi do 95,74% na FFP-Lugo (13 estudantes) e do 100,00 na FCE-Santiago (1 estudante).

Polo que se refire ao dobre grao, tamén atopamos indicadores moi satisfactorios: taxas de rendemento superiores ao 97%, taxas de éxito superiores ao 98% e taxas de avaliación superiores ao 99%. En todo caso, na FCE-Santiago todos estes indicadores alcanzan o 100%.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ampliaremos neste apartado a reflexión sobre os índices de satisfacción amosados por estudantes, profesorado, persoal de apoio e egresados, nalgúns casos xa apuntados con anterioridade.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (2017-18)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	USC
Coa docencia recibida	4,07	3,85	3,97	3,96
Coas prácticas externas (Prácticum)	4,21	4,34	4,28	4,25

O nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é de 4,07 na FFP-Lugo e 3,85 na FCE-Santiago. Case todos os aspectos incluídos no cuestionario merecen altas cualificacións por parte do estudantado, se ben os mellor valorados son os referidos á explicación do programa e criterios de avaliación, o cumprimento do programa e do plan de traballo previsto, a resolución de dúbidas, a comunicación cos estudantes e a axuda recibida nas titorías. Pola contra, as valoracións son inferiores cando o alumnado enxuíza o grao de coordinación entre o profesorado que comparte a docencia dalgunha materia. Curiosamente, esta circunstancia é bastante mellor valorada polo propio profesorado afectado. En calquera caso, estes datos son especialmente relevantes se temos en conta que a participación na enquisa aplicada aos estudantes foi do 50,30% na FFP-Lugo e do 37,46% na FCE-Santiago.

Aínda que á hora de valorar a satisfacción do alumnado coas prácticas externas dispoñemos de menos respostas ao cuestionario aplicado (25,00% na FFP-Lugo e 11,67% na FCE-Santiago), os datos dispoñibles indican que os estudantes amósanse globalmente satisfeitos co Prácticum realizado (4,21 na FFP-Lugo e 4,34 na FCE-Santiago), destacando especialmente a súa utilidade na formación inicial, as actividades desenvolvidas, as instalacións e medios materiais dispoñibles nos colexios colaboradores e a atención recibida por parte dos titores ou titoras, tanto profesionais como académicos. Como é habitual, o único aspecto criticado é a escasa duración dos períodos de prácticas.

Satisfacción do alumnado coa titulación (2017-18)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	USC
Orientación ao alumnado	--	2,10	--	2,60
Planificación e desenvolvemento das ensinanzas	--	2,58	--	2,76

Recursos materiais e servizos	--	2,17	--	3,12
Resultados	--	3,00	--	3,21
Xestión da calidade	--	2,47	--	2,86

Só dispoñemos de datos para a FCE-Santiago, proporcionados por 18 estudantes (10,53%). Con estas limitacións, cómpre indicar que os estudantes amósanse pouco satisfeitos coa titulación, en particular polo que se refire aos apartados de orientación ao alumnado e recursos materiais e servizos; porén, o nivel de satisfacción é aceptable nos aspectos de planificación e desenvolvemento das ensinanzas, así como competencias adquiridas. En todo caso, é bastante lóxico que os estudantes se amosen disconformes cos recursos materiais e servizos dispoñibles dada a insuficiencia e inadecuación dos espazos docentes.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (2017-18)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	USC
Coa docencia impartida	3,84	3,85	3,85	--
Coas prácticas externas (Prácticum)	4,15	4,19	4,17	4,34

En relación co grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (51,92% de respostas na FFP-Lugo e 45,90% na FCE-Santiago), cómpre indicar que os docentes expresan valoracións moi positivas para boa parte dos aspectos incluídos no cuestionario, en especial para os referidos ao coñecemento do nivel de comprensión do alumnado, o interese cara á materia amosado polos estudantes, a relación creada co alumnado nas clases e titorías e a coordinación entre os distintos profesores da materia (cando é o caso). Pola contra, as queixas do profesorado céntranse no nivel co que chega o alumnado en relación coas esixencias dos contidos das materias, na participación crítica e activa dos estudantes no desenvolvemento das clases, na coordinación entre as distintas materias do título, e na dispoñibilidade de materiais, servizos e recursos de apoio á docencia existentes na universidade e no propio centro.

Cando o profesorado actúa como supervisor ou titor académico do Prácticum tamén expresa un elevado grao de satisfacción co programa de prácticas externas, destacando a valoración das tarefas realizadas polo alumnado en relación coas competencias profesionais da titulación e o grao de cumprimento das prácticas por parte dos estudantes. Porén, os docentes cuestionan nalgún caso aspectos relacionados coa comunicación e coordinación cos centros colaboradores ou coas propias tarefas de titorización levadas a cabo. Neste caso, a porcentaxe de respostas ao cuestionario mantívose en termos semellantes ao apartado anterior na FFP-Lugo (57,14%), pero descendeu ao 20,83% na FCE-Santiago.

Satisfacción do profesorado coa titulación (2017-18)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	USC
Obxectivos e competencias	3,39	4,16	3,83	4,09
Planificación e desenvolvemento das ensinanzas	3,55	3,47	3,50	3,74
Recursos humanos	3,43	3,33	3,37	3,70

Recursos materiais e servizos	3,32	3,13	3,21	3,86
Resultados	3,46	3,75	3,62	3,78
Orientación ao alumnado	3,77	3,40	3,56	3,67
Xestión da calidade	3,52	3,29	3,39	3,74

De maneira semellante ao ocorrido cos estudantes, o número de cuestionarios cubertos polo profesorado nesta ocasión foi escaso (29,63% do profesorado da titulación). Coa marxe de erro correspondente, os profesores amósanse relativamente satisfeitos coa titulación, aínda que en todos os apartados considerados a valoración media da titulación é inferior ao respectivo promedio da USC. En todo caso, os valores de satisfacción máis elevados son os relativos a obxectivos e competencias, resultados e orientación ao alumnado, en tanto que os indicadores máis baixos refírense aos recursos humanos, materiais e servizos.

Satisfacción dos titores externos co Prácticum (2017-18)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	USC
Coñecementos do alumnado	4,03	4,00	4,01	3,87
Competencias profesionais do alumnado	4,00	3,95	3,97	3,82
Integración do alumnado no medio de traballo	4,69	4,70	4,69	4,56
Cumprimento das actividades asignadas	4,72	4,79	4,76	4,62
Comunicación e coordinación cos responsables do título	3,68	3,74	3,72	3,99
Satisfacción xeral	4,75	4,65	4,69	4,50

Polo xeral, os titores externos do Prácticum amósanse amplamente satisfeitos co desenvolvemento das prácticas realizadas polo estudiantado do título, normalmente por riba da media da USC, o que se traduce nun alto valor de satisfacción xeral. Os apartados mellor valorados son os referidos aos coñecementos teóricos e prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas, así como o cumprimento destas e a integración dos estudantes no medio de traballo; en cambio, amósanse máis críticos coa comunicación e coordinación cos responsables académicos do título, único aspectos no que a satisfacción dos titores externos é inferior á media da USC.

Satisfacción dos egresados (2017-18)

	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Titulación	USC
Coa formación recibida	3,50	3,25	3,36	3,17

Coa adquisición de competencias	3,07	3,63	3,38	3,43
Co Prácticum	5,00	4,50	4,71	3,90
Cos programas de mobilidade	3,00	--	--	4,14
Coas expectativas previas	3,00	3,00	3,00	3,20
Co profesorado	3,00	3,00	3,00	3,12
Coa organización académica	2,17	3,00	2,64	2,79
Coas actividades de acollida	3,00	2,88	2,93	3,00
Coas infraestruturas e materiais	2,50	2,00	2,21	2,89
Cos recursos e servizos	3,78	3,17	3,42	3,68
Coa información e xestión académica	2,89	3,50	3,24	3,18
Con reclamacións	1,00	2,00	1,33	2,74

Os datos proporcionados para o curso 2017-18 correspóndense ás enquisas dos egresados do curso 2016-17. Por outra banda, cómpre indicar que só se recibiron 14 cuestionarios para o conxunto dos dous centros. Os egresados da FFP-Lugo expresan índices de satisfacción inferiores á media da USC en todos os apartados, agás no que se refire á formación recibida, ao Prácticum, á información recibida, aos recursos e servizos dispoñibles. Pola súa banda, os indicadores de satisfacción dos egresados na FCE-Santiago son sensiblemente superiores, pero tamén resultan inferiores ao promedio da USC en todos os apartados do cuestionario, agás no que se refire á formación recibida, competencias adquiridas, Prácticum, organización académica e medios de información. En particular, en ambos os dous centros os egresados amosan a maior satisfacción cando se lles pregunta polas prácticas externas realizadas.

Satisfacción do persoal de administración e servizos (2017-18)

Non existen datos para o curso 2017-18.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indicou en informes anteriores, os datos dispoñibles sobre este apartado son moi antigos, correspondendo á cohorte de egresados 2013-2014 (total 144), é dicir, a primeira promoción de graduados e graduadas..

1 ano despois de egresar (23 marzo 2015)										2 anos despois de egresar (23 marzo 2016)									
Taxa afiliación	Porcentaxe autónomos	Contrato		Xornada laboral			Grupo cotización			Taxa afiliación	Porcentaxe autónomos	Contrato		Xornada laboral			Grupo cotización		
		Porcentaxe indefinidos	Porcentaxe temporais	Porcentaxe tempo completo	TP: máis de media xornada	TP: menos de media xornada	Universitario	Medio, non manuais	Baixo e manual			Porcentaxe indefinidos	Porcentaxe temporais	Porcentaxe tempo completo	TP: máis de media xornada	TP: menos de media xornada	Universitario	Medio, non manuais	Baixo e manual
25,0	5,6	17,6	82,4	38,2	29,4	32,4	32,4	29,4	38,2	46,5	4,5	14,0	86,0	43,8	21,9	34,4	43,1	12,3	44,6

Porcentaxes

Fonte: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIU (Ministerio de Educación)

Os resultados de inserción laboral do alumnado egresado amosan unha taxa de afiliación á Seguridade Social do 25% no primeiro ano despois de rematar os estudos, cifra que ascende ao 46,5% no segundo ano despois de egresar. Outra conclusión interesante que se tira a partir da información dispoñible é a temporalidade dominante (superior ao 80%) nos contratos dos egresados durante os dous primeiros anos despois de concluir os seus estudos. Ademais, igualmente dous anos despois de egresar, o 44,6% dos afiliados pertencen ao grupo de cotización baixo e manual, o que reflicte unha forte incidencia da sobreacreditación. Afortunadamente, unha proporción algo inferior (43,1%) comprende os traballadores que cotizan de acordo co nivel universitario e, xa que logo, directamente relacionado co seu nivel de formación.

3. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título (L) Web do Título (L) 2ª ed Web do Título (S) Web do Título (S) 2ª ed
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Carpeta Evidencia 5
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Carpeta Evidencia 6
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502228_P.Ind_2017-2018
			2502228_INF.16_2017-2018
			2502228_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502228_P.Ind_2017-2018
			SIGCAMPUS_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro (L)
			Web do Centro (S)

			Web do Título (L) Web do Título (L) 2ª ed Web do Título (S) Web do Título (S) 2ª ed
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro (L) Web do Centro (S)
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro (L) Web do Centro (S)
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro (L) Web do Centro (S)
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502228_P.Ind_2017-2018 2502228_INF.04_2017-2018 SIGCAMPUS_INF.05_2017-2018 2502228_INF.06_2017-2018 2502228_INF.07_2017-2018 2502228_INF.08_2017-2018 2502228_INF.09_2017-2018 SIGCAMPUS_INF.10_2017-2018 SIGCAMPUS_INF.11_2017-2018 2502228_INF.13_2017-2018 2502228_INF.14_2017-2018 SIGCAMPUS_INF.21_2017-2018 2502228_INF.22_2017-2018 2502228_INF.23_2017-2018 2502228 _Informe_de_indicadores_2017-2018

3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502228_P.Ind_2017-2018
			2502228_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502228_E15_2017-2018
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2017-2018
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-17_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-17_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502228_INF.13_2017-2018
			2502228_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	SIGCAMPUS_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro (L)
			Web do Centro (S)
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro (L)
			Web do Centro (S)
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Web do Centro (L) Web do Centro (S) Prácticum I Web do Centro (S) Prácticum II Web do Centro (S) Prácticum III
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Web do Centro (L) Web do Centro (S) Prácticum I Web do Centro (S) Prácticum II Web do Centro (S) Prácticum III
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Carpeta Evidencia 24
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502228_INF.15_2017-2018

6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502228_P.Ind_2017-2018
			2502228_INF.17_2017-2018
			2502228_INF.18_2017-2018
			2502228_INF.19_2017-2018
			2502228_INF_SIIU_2017-2018
			2502228_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502228_P.Ind_2017-2018 2502228_Informe_de_indicadores_2017-2018
			2502228_INF.CiUG_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502228_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2502228_P.Ind_2017-2018 2502228_Informe_de_indicadores_2017-2018 2502228_MedUSC_2017-2018

1. ■ Plan de Melloras
2. ■ Abertas Curso 2017-2018
3. ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
4. ■ Criterio 2. Información e transparencia
5. ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
6. ■ Finalizadas Curso 2017-2018
7. ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
8. ■ [AM-MI-1](#)
9. ■ [AM-MI-2](#)
10. ■ [AM-MI-3](#)
11. ■ [AM-MI-4](#)
12. ■ [AM-MI-5](#)
13. ■ Criterio 2. Información e transparencia
14. ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
15. ■ [AM-MI-8](#)
16. ■ Outros criterios
17. ■ [AM-MI-6](#)
18. ■ [AM-MI-7](#)

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de mellorar a organización e desenvolvemento do Prácticum
Definición/ descrición proposta	Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 12/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 01/09/2018
Responsables	Francisco Xosé Candia Durán
Tarefa1	AM-MI-1.1
Descrición tarefa	Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-1.1. Comprobación N°. 1

<p>Descrición Comprobación</p>	<p>Os equipos de coordinación dos diferentes Prácticum reúnen habitualmente en dous momentos ao longo do curso: 1) a final do semestre correspondente, coa intención de acordar cuestións de carácter avaliativo e decidir a que alumnado se lle concede a mención de matrícula de honra, e 2) no momento previsto polo calendario de organización académica para a elaboración dos programas das materias para o curso seguinte. Na FCE ademais fan unha reunión conxunta de profesorado logo da adscrición do alumnado ao practicum para establecer o calendario de supervisión do alumnado e coordinación cos titores/as de centros educativos.</p> <p>En todo caso, cómpre engadir que existe notable fluidez comunicativa e toma de decisións compartidas dos diferentes equipos docentes do Prácticum a través do correo-e, o que en ocasións fai innecesaria a celebración de xuntanzas presenciais, máxime considerando a dificultade de conciliación dos tempos dispoñibles dos diferentes docentes responsables do Prácticum, algúns deles con outro traballo fóra da USC.</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>14/03/2019</p>
<p>Incidencias</p>	<p>--</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>Mantense para o curso 18-19 como AM-MI-1.1.</p>
<p>Tarefa2</p>	<p>AM-MI-1.2</p>
<p>Descrición tarefa</p>	<p>Garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6</p>
<p>Data prevista de finalización</p>	<p>31/07/2018</p>
<p>Responsable</p>	<p>Francisco Xosé Candia Durán</p>
<p>Estado</p>	<p>Executada</p>
<p>Comprobación Tarefa</p>	<p>AM-MI-1.2. Comprobación N°. 1</p>

Descrición Comprobación	Se temos en conta que durante o curso 2017-18 os dous centros aínda se atopan no período de transición na implantación progresiva da 2ª edición do título, que afecta especialmente á estrutura das materias do Prácticum, enténdese que nese preciso ano académico só se desenvolvera a materia de Prácticum III (1ª edición). En calquera dos casos, o alumnado sabe que, no conxunto da carreira, a estadía de un dos Prácticum debe ser realizada nun centro educativo que se encargue do período 0-3 e outra das estadías debe ser realizada nun centro educativo que se encargue do período 3-6. As coordinacións de Prácticum de cada Facultade velaron porque as eleccións do alumnado ao respecto cumpriran con esta indicación.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Manter para o curso 2018-2019 como AM-MI-1.2
Tarefa3	AM-MI-1.3
Descrición tarefa	Buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo e mellorar a súa formación
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Tarefa4	AM-MI-1.4
Descrición tarefa	Establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán

Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-1.4. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	<p>No curso 2017-18 non se puido materializar esta medida, pero xa se intentou para o curso 2018-19, á marxe do proceso de coordinación que a propia Comisión Intercentros vén realizando neste e noutros labores.</p> <p>Asúmese que se trata dunha tarefa improrrogable, máxime no momento en que estea completamente implantada a 2ª edición do título.</p>
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Mantense para o curso 2018-2019 como AM- MI-1.3.

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de dispoñer dun protocolo de organización do Prácticum que sirva de base para a elaboración da Guía ou Plan xeral do Prácticum
Definición/ descrición proposta	Aprobar o protocolo de organización do Prácticum que, unha vez contrastado, se recollerá na Guía ou Plan xeral do Prácticum
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 06/11/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 31/07/2018
Responsables	Francisco Xosé Candia Durán
Tarefa1	AM-MI-2.1
Descrición tarefa	Aprobar o protocolo de organización do Prácticum
Data prevista de finalización	27/04/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A tarefa foi completada, e os centros conseguiron acordar o texto dun detallado protocolo de organización dos diferentes Prácticum do do grao.
Data	14/03/2019

Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MI-2.2
Descrición tarefa	Elaborar a Guía ou Plan xeral do Prácticum
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-2.2. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Cada centro dispón desde hai varios anos do correspondente Plan Xeral de Prácticum, que nestes momentos están sendo revisados debido á recente aprobación do Protocolo Intercentros do Prácticum, que como documento de rango superior esixe a modificación dos correspondentes Plans Xerais.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Manter para o curso 2018-2019 como AM-MI-2.1.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre as Facultades e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas.
Definición/ descrición proposta	Establecer contacto cos titores externos do Prácticum antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. Establecer mecanismos de información aos titores externos en relación coa memoria de prácticas e a cualificación obtida. Mellorar a eficacia das reunións periódicas cos titores externos
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 12/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 14/03/2019
Responsables	Francisco Xosé Candia Durán
Tarefa1	AM-MI-3.1
Descrición tarefa	Establecer contacto cos titores externos do Prácticum durante a estadía do alumnado nos centros de prácticas
Data prevista de finalización	29/06/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-3.1. Comprobación N°. 1

<p>Descrición</p> <p>Comprobación</p>	<p>Todo o profesorado supervisor establece contacto co profesorado titor nas entidades colaboradoras do Prácticum. Esta relación concrétase, en primeiro lugar, cunha carta de presentación e información, dirixida ás titoras e titores, sobre as tarefas que a/o estudante en prácticas debería realizar na correspondente entidade.</p> <p>Durante a fase de estadia do alumnado nos centros colaboradores, a meirande parte do profesorado supervisor contacta de maneira presencial, telefónica ou por correo-e coas titoras e titores do alumnado supervisado, en unha ou en dúas ocasións (habitualmente no inicio e no remate do período de estadia).</p>
<p>Data</p> <p>Comprobación</p>	14/03/2019
Incidencias	--
<p>Axustes/Novas</p> <p>Tarefas</p>	Manter no curso 2018-2019 como AM- MI-3.1
Tarefa2	AM-MI-3.2
Descrición tarefa	Establecer mecanismos de información aos titores externos en relación coa memoria de prácticas e a cualificación obtida
<p>Data prevista de</p> <p>finalización</p>	28/12/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Non Executada
Tarefa3	AM-MI-3.3
Descrición tarefa	Mellorar a eficacia das reunións periódicas cos titores externos
<p>Data prevista de</p> <p>finalización</p>	28/12/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Comprobación	AM-MI-3.3. Comprobación N°. 1

Tarefa	
<p>Descrición Comprobación</p>	<p>- Protocolarizouse unha xuntanza periódica nas Facultades coas dirección dos centros colaboradores por parte da coordinación xeral do Prácticum. Ademais, realizáronse visitas ás entidades por parte da devandita coordinación, fose por iniciativa propia ou por demanda dos centros.</p> <p>- Desde a coordinación xeral do Prácticum instouse ao profesorado supervisor a realizar os contactos coas titoras e titores das entidades colaboradoras, de xeito presencial (sempre que as mestras e mestres estiveran de acordo), xa que esta modalidade enriquece as relacións e os intercambios de información referidos ao alumnado do Prácticum.</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>14/03/2019</p>
<p>Incidencias</p>	<p>--</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>--</p>

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Persistencia da escasa participación do alumnado nos programas de mobilidade
Definición/ descripción proposta	Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade
Datas	Finalización: 27/07/2018; Inicio: 02/10/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2018
Responsables	Francisco Rodríguez Lestegás
Tarefa1	AM-MI-4.1
Descrición tarefa	Reunión co alumnado que participou nos programas de mobilidade saínte na USC para coñecer a súa experiencia e obter feedback.
Data prevista de finalización	27/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-4.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Esa reunión non se levou a cabo en ningún dos centros polas dificultades para contactar co alumnado que xa rematou os seus estudos.

Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MI-4.2
Descrición tarefa	Convidar e integrar ao alumnado que participou nos programas de mobilidade saínte na USC nas reunións informativas de ditos programas.
Data prevista de finalización	27/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-4.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Non se levou a cabo. No seu lugar, o alumnado foi debidamente informado sobre todas as sesións e actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Reformúlase a proposta para o curso 2018-2019 na AM-MI-4

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-5 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Conveniencia de consolidar e potenciar o Dobre Grao ante a ampla demanda e o impacto positivo na nota de admisión do alumnado matriculado.
Definición/ descrición proposta	Consolidar e potenciar o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, vía para a captación de estudantes excelentes e capacitación privilexiada do alumnado egresado de cara ao mercado laboral.
Datas	Finalización: 27/07/2018; Inicio: 02/10/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 27/07/2018
Responsables	Francisco Rodríguez Lestegás
Tarefa1	AM-MI-5.1
Descrición tarefa	Consolidar e potenciar o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria
Data prevista de finalización	27/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-5.1. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	A elevada demanda por parte do alumnado entrante para a súa matrícula no dobre grao fixo que a nota de corte superase os 10

	<p>puntos (máis de 3 puntos por encima da nota de corte do grao). Isto trouxo como consecuencia a captación de alumnado excelente, mesmo por riba das expectativas iniciais, o que sumado á consolidación da ?arquitectura? do dobre grao en cada centro, non fai precisa polo momento a toma de consideración de medidas complementarias de captación de alumnado deste tipo.</p>
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-6 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.
Análise causa	Constátase que nalgúñas materias impartidas por varios profesores/as prodúcese problemas de coordinación e sinálase que a responsabilidade de coordinación do profesorado é dos departamentos que se encargan da docencia da materia.
Definición/ descripción proposta	Comunicar formalmente aos departamentos e aos decanatos todas as incidencias que nesta materia se detecten no desenvolvemento da docencia do título. Iníciase no curso 2016-17 e seguirase no 2017-18. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros e as coordinacións de curso.
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 14/03/2019
Responsables	Francisco Rodríguez Lestegás
Tarefa1	AM-MI-6.1
Descrición tarefa	Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a.
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-6.1. Comprobación N°. 1

Descrición Comprobación	A labor realizada polas diferentes coordinacións de curso, en particular a través da análise dos informes emitidos polos delegados/as de curso, permitiu recoller as incidencias rexistradas sobre a coordinación docente naqueles casos en que as materias son impartidas por máis dun docente.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Manter no curso 2018-2019 como AM-MI-5.1.
Tarefa2	AM-MI-6.2
Descrición tarefa	Traslado das incidencias aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas para que se resolvan á menor brevidade posible. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros, os equipos decanales e a comisión intercentros.
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-6.2. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Unha vez detectadas as incidencias en materia de coordinación docente, foron trasladadas aos departamentos afectados (ou directamente ao propio profesorado) para que adopten as medidas correctoras que procedan.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Manter no curso 2018-2019 como AM-MI-5.2.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-7 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia.
Análise causa	Necesidade de analizar detidamente o axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na web e a última versión da memoria verificada do título.
Definición/ descrición proposta	Revisión, establecemento da versión definitiva e solicitude das modificacións pertinentes da MVT. Iníciase no curso 2016-17 e seguirase no 2017-18. Responsabilizarse a coordinación do título en ambos centros e os vicedecanatos con responsabilidade en Organización Académica.
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 31/07/2018
Responsables	Francisco Rodríguez Lestegás
Tarefa1	AM-MI-7.1
Descrición tarefa	Revisión do axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na web e a última versión da memoria verificada do título. Responsabilizarse a coordinación do título en ambos centros e os vicedecanatos con responsabilidade en Organización Académica.
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás

Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-7.1. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	A tarefa non pasou, en Lugo, dunha fase inicial na que se constatou a necesidade de axustar as guías docentes dalgunhas materias ao disposto na MVT. En Santiago si se fixo un traballo de análise e se propuxeron, sempre que fose posible, algunhas modificacións, que de ser o caso reflectiranse nos informes de seguimento.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Reformúlase para o curso 2018-2019 como AM-MI-6.1
Tarefa2	AM-MI-7.2
Descrición tarefa	Establecemento da versión correcta de MVT en caso de existir incoherencias. Responsabilizarase a coordinación do título en ambos centros e os vicedecanatos con responsabilidade en Organización Académica.
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-7.2. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	A redacción dunha nova versión da MVT require unha proposta de modificación substancial que, polo momento, non está prevista.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-MI-7.3
Descrición tarefa	Seguimento e informe da AM e no caso de que sexa necesario modificar a MVT reformular a outra acción de mellora para solicitar unha modificación substancial. Responsabilizarase a coordinación do título en ambos centros e os vicedecanatos con responsabilidade en Organización Académica.
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Francisco Rodríguez Lestegás
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-7.3. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Polo momento, non se considera a solicitude dunha modificación substancial da MVT.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-8 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
Análise causa	Necesidade de coñecer as necesidades de titorización e orientación dos estudantes. Escasa participación do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda accións deste tipo.
Definición/ descrición proposta	Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.
Datas	Finalización: 03/09/2018; Inicio: 02/10/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 31/07/2018
Responsables	Francisco Xosé Candia Durán
Tarefa1	AM-MI-8.1
Descrición tarefa	Elaboración dos instrumentos de recollida de información do alumnado sobre as súas necesidades de titorización e orientación na Universidade.
Data prevista de finalización	03/09/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-8.1. Comprobación Nº. 1
Descrición	En Lugo a través das/dos delegados de curso e en Santiago

Comprobación	cunha enquisa individual solicitóuselle ao alumnado a concreción dunha serie de cuestións relacionadas coa súa orientación académico-profesional, o que permitiu a recollida de información relevante sobre as súas necesidades de titorización e orientación académica e profesional.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MI-8.2
Descrición tarefa	Recollida de datos procedentes do estudo sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.
Data prevista de finalización	03/09/2018
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-8.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	A partir das demandas máis repetidas, a coordinación de título en Lugo e a Comisión de Actividades Culturais en Santiago, organizou sesións formativas con profesionais expertos, a fin de darlles adecuada satisfacción, que contaron con asistencia notable de alumnado.
Data Comprobación	14/03/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Manter no curso 2018-2019 como AM- MI-7.1

1. ■ Plan de Melloras
2. ■ Abertas Curso 2018-2019
3. ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
4. ■ [AM-MI-1](#)
5. ■ [AM-MI-2](#)
6. ■ [AM-MI-3](#)
7. ■ [AM-MI-4](#)
8. ■ [AM-MI-5](#)
9. ■ Criterio 2. Información e transparencia
10. ■ [AM-MI-6](#)
11. ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
12. ■ [AM-MI-7](#)
13. ■ Finalizadas Curso 2018-2019
14. ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
15. ■ Criterio 2. Información e transparencia
16. ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de dispoñer dun protocolo de organización do Prácticum que sirva de base para a elaboración da Guía ou Plan xeral do Prácticum
Definición/ descripción proposta	Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.
Datas	Finalización: 27/12/2019; Inicio: 12/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	OLALLA CORTIZAS VARELA
Tarefa1	AM-MI-1.1
Descrición tarefa	Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-1.2

Descrición tarefa	Garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6
Data prevista de finalización	27/12/2019
Responsable	
Estado	Activa
Tarefa3	AM-MI-1.3
Descrición tarefa	Establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros
Data prevista de finalización	27/12/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-2 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de dispoñer dun protocolo de organización do Prácticum que sirva de base para a elaboración da Guía ou Plan xeral do Prácticum
Definición/ descrición proposta	Elaborar a Guía ou Plan xeral do Prácticum
Datas	Finalización: 27/12/2019; Inicio: 06/11/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	OLALLA CORTIZAS VARELA
Tarefa1	AM-MI-2.1
Descrición tarefa	Elaborar a Guía ou Plan xeral do Prácticum
Data prevista de finalización	27/12/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-3 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre as Facultades e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas.
Definición/ descrición proposta	Establecer contacto cos titores externos do Prácticum antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. Establecer mecanismos de información aos titores externos en relación coa memoria de prácticas e a cualificación obtida. Mellorar a eficacia das reunións periódicas cos titores externos.
Datas	Finalización: 27/12/2019; Inicio: 12/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	OLALLA CORTIZAS VARELA
Tarefa1	AM-MI-3.1
Descrición tarefa	Establecer contacto cos titores externos do Prácticum durante a estadía do alumnado nos centros de prácticas.
Data prevista de finalización	28/06/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-MI-4 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Persistencia da escasa participación do alumnado nos programas de mobilidade
Definición/ descrición proposta	Mellorar a información facilitada co fin de ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade
Datas	Finalización: 26/07/2019; Inicio: 02/10/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	OLALLA CORTIZAS VARELA
Tarefa1	AM-MI-4.1
Descrición tarefa	Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polos dous centros.
Data prevista de finalización	26/07/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-5 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Constátase que nalgúñas materias impartidas por varios profesores/as prodúcese problemas de coordinación e sinálase que a responsabilidade de coordinación do profesorado é dos departamentos que se encargan da docencia da materia.
Definición/ descrición proposta	Comunicar formalmente aos departamentos e aos decanatos todas as incidencias que nesta materia se detecten no desenvolvemento da docencia do título. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros e as coordinacións de curso.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	OLALLA CORTIZAS VARELA
Tarefa1	AM-MI-5.1
Descrición tarefa	Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-5.2
Descrición tarefa	Traslado das incidencias aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas para que se resolvan á menor

	brevidade posible. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros, os equipos decanales e a comisión intercentros.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-6 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia
Análise causa	Necesidade de analizar detidamente o axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na web e a última versión da memoria verificada do título.
Definición/ descripción proposta	Revisión, establecemento da versión definitiva e solicitude das modificacións pertinentes da MVT. Responsabilizarse a coordinación do título en ambos centros e os vicedecanatos con responsabilidade en Organización Académica.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Francisco Xosé Candia Durán
Tarefa1	AM-MI-6.1
Descrición tarefa	Elaboración dunha ficha para comprobar o axuste entre a normativa de programación docente da USC e a información facilitada nos programas das materias. Responsabilizase a coordinación do título en ambos centros e os vicedecanatos con responsabilidade en Organización Académica.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-MI-7 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
Análise causa	Necesidade de coñecer as necesidades de titorización e orientación dos estudantes. Escasa participación do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda accións deste tipo.
Definición/ descrición proposta	Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título. Organizar algunha actividade ou estratexía de orientación académico-profesional.
Datas	Finalización: 03/09/2019; Inicio: 02/10/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Francisco Xosé Candia Durán
Tarefa1	AM-MI-7.1
Descrición tarefa	Recollida de datos procedentes do estudo sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.
Data prevista de finalización	03/09/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-7.2
Descrición tarefa	Organización dunha xornada formativa con profesionais en activo e profesorado da Facultade para orientar ao alumnado

	sobre as posibilidades e necesidades formativas. Responsables: Coordinacións da titulación.
Data prevista de finalización	03/09/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa
Tarefa3	AM-MI-7.3
Descrición tarefa	Creación dun díptico para a orientación académico-profesional do alumnado (mencións, saídas profesionais, etc.) e difusión do mesmo a través dos recursos web e redes sociais das facultades. Responsables: Coordinacións da titulación.
Data prevista de finalización	03/09/2019
Responsable	Francisco Xosé Candia Durán
Estado	Activa